-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A006004870001LU, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

26.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Juan Ramón Olveira Rodríguez

Visto o escrito presentado por **Juan Ramón Olveira Rodríguez**, de data 20/01/2026 (Registro de entrada nº 4.028), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A041008640000KU, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 20/02/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A041008640000KU, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.



27.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – José Joaquín Santos Ageitos

Foi retirado da Orde do Día o escrito presentado por **José Joaquín Santos Ageitos**, de data 15/01/2026 (Rexistro de entrada nº 1.071), no que solicita certificación urbanística en relación á titularidade dun camiño situado en Laxes (Carreira).

28.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Sobrido Lema

Visto o escrito presentado por **María Sobrido Lema**, de data 24/02/2026 (Rexistro de entrada nº 4.249), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 001301400MH91F0001ST, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 24/02/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 001301400MH91F0001ST, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

29.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Juan Manuel Domínguez Santos

Visto o escrito presentado por **Juan Manuel Domínguez Santos**, de data 24/10/2025 (Rexistro de entrada nº 25.692), no que solicita certificación urbanística de non expedientes e vixencia da licenza 449/2007 para construción de vivenda unifamiliar.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 24/02/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese:

Primeiro:- Que a **Xunta de Goberno Local**, na sesión celebrada o **día 31 de maio de 2007**, concedió a **D. Juan Manuel Domínguez Santos, DNI nº ***599*** LICENCIA URBANÍSTICA (Nº 449/2007)** para construción de vivenda unifamiliar en Gándaras, Palmeira (Ribeira).

Segundo:- Que en relación co devandito expediente existe un contencioso-administrativo promovido por D. Juan Manuel Domínguez Santos (**procedemento abreviado 4438/2013, sección segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superios de Xustiza de Galicia**) contra a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que trae causa da denegación por parte de está Administración Autonómica do informe para a execución das obras amparadas pola licenza nº 449/2007, argumentando que o xacemento recollido como Mámoa de Coroso GA15073009, atópase mal situado na planimetría de ordenación, ao coincidir en parte coa parcela obxecto das obras, pola que para unha adecuada protección do ben (tal como indican os artigos 4 e 54 d a Lei 8/1995, de 30 de



outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia), deberanse realizar os traballos arqueolóxicos de catalogación do correspondente proxecto de actuación arqueolóxica.

Terceiro:-Que o Pleno da Corporación do Concello de Ribeira, en sesión extraordinaria celebrada o día 23 de agosto de 2019, aprobó por unanimidade dos seus veintún membros de dereito "correxir o erro material existente no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribeira no relativo á ubicación da "Mámoa de Coroso"", según informe pericial emitido polo arqueólogo D. Francisco Javier Chao Álvarez sobre a determinación da ubicación exacta.

Cuarto:-Que a esta Secretaría non lle consta que dende o punto de vista municipal exista a día de hoxe expediente de infracción urbanística no relativo ás obras amparadas pola licencia nº 449/2007) para construción de vivenda unifamiliar en Gándaras, Palmeira (Ribeira).

Quinta:-Que a esta Secretaría non lle consta que o Concello de Ribeira tramitara expediente de declaración de caducidade da devandita licencia.

E para que así conste e xurda os efectos oportunos ante quen proceda, expido a presente certificación, a instancia de **D. JUAN MANUEL DOMÍNGUEZ SANTOS, DNI nº ***599***** (representado por D. Pablo Vidal González, DNI nº ***852***).

30.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

26504 04.11.2025 AS SAIÑAS, S.L., comunicación previa de primeira ocupación parcial de construción de bloque de vivendas plurifamiliar, no lugar de As Saiñas, Palmeira, Ribeira.:

31.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a M^a DEL CARMEN PAZOS VARELA, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D. CARLOS CEPEDA REBOIRAS, POLOS DANOS E LESIÓNS SUFRIDOS POR MOR DUNHA CAÍDA NA VÍA. EXPEDIENTE 2025 RESP000004.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a M^a DEL CARMEN PAZOS VARELA, en nome e representación de D. CARLOS CEPEDA REBOIRAS**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 04 de agosto de 2024, D. Carlos Cepeda Reboiras, con DNI número ***777***, circulaba na súa bicicleta pola Avenida de Buenos Aires, parroquia de Corrubedo, municipio de Ribeira, cando, á altura do número 27, sufriu unha caída como consecuencia do afundimento do carril polo que circulaba.



Segundo.- Como consecuencia da caída, o Sr. Cepeda Reboiras precisou asistencia médica, polo que foi atendido no PAC de Boiro para limpeza e cura das feridas sufridas.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 04/02/2025 co número 202500002695, D^a M^a del Carmen Pazos Varela, en nome e representación de D. Carlos Cepeda Reboiras, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos e lesións sufridos pola mencionada caída, que cuantifica na contía total de 1.067,45 euros mais os xuros que legalmente procedan, e que diferenza da seguinte maneira:

- 882,15 euros polos danos materiais sufridos.
- 185,30 euros por 5 días de prexuízo persoal básico para a curación das feridas sufridas.

Co seu escrito de reclamación, achega a seguinte documentación:

- Escrito de outorgamento de representación a favor de D^a M^a del Carmen Pazos Varela.
- Unha fotografía do lugar do accidente.
- Informe médico emitido na data 04/08/2026 polo PAC de Boiro.
- Factura emitida na data 09/08/2024 por “Rsbike Boiro S.L.” por importe de 225 euros (número de factura 0021/0000335), polo concepto dunha roda e a cinta do manillar.
- Factura emitida na data 21/08/2024 por “Rsbike Boiro S.L.” por importe de 300 euros (número de factura 0021/0000338), polo concepto dunha segunda roda.
- Ticket de compra dunhas luvas emitido na data 12/08/2024 por “Rsbike Boiro S.L.” por importe de 35 euros.
- Informe pericial dos danos sufridos emitido na data 10/09/2024 polo perito D. José Javier Rivera Arda, e no que realiza a seguinte taxación dos danos materiais:
 - Luvas Giro Strade: 35,01 euros.
 - Llanta dianteira Progress Phantom: 205 euros.
 - Cinta manillar: 20 euros.
 - Roda traseira Progress Phantom: 300 euros.
 - Maillot: 45 euros.
 - Casco Kask: 134,10 euros.
 - Sillin Prólogo Nago: 143,05 euros.
 - Total: 882,15 euros.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 04/08/2024 pola Policía Local do Concello de Ribeira, correspondente ó parte de servizo nº 11472.
- Informe emitido na data 06/11/2025 pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Acta de proba testemuñal practicada na data 16/01/2026.
- Informe emitido na data 16/01/2026 pola enxeñeira municipal.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación



de alegacións por parte do reclamante, realizadas mediante escrito rexistrado de entrada na data 31/01/2026 co número 202600002316 e no que reitera a súa petición inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estatística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral



Orzamentaria, ou, no seu caso, as normas orzamentarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimado o Sr. Carlos Cepeda Reboiras para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende** por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido na data 04/08/2024 cando circulaba coa súa bicicleta, **e fíxoo en tempo e forma idóneas** por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano.

Actúa representado por D^a M^a del Carmen Pazos Varela, que acredita debidamente a súa representación.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Ribeira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente, tal e como se informa por parte da enxeñeira municipal en informe emitido na data 16/01/2026: *“La calle Buenos Aires es de titularidad municipal, por lo que su conservación y mantenimiento es competencia del Ayuntamiento de Ribeira. La citada calle forma parte de la carretera AC-303 Oleiros (AC – 505) – Corrubedo, de titularidad autonómica, pero el tramo del Punto Kilométrico 5+430 al Punto Kilométrico 8+160 (en el que se incluye la citada calle) ha pasado a ser de titularidad municipal en virtud al Decreto 157/2021, de 4 de noviembre, de la Consellería de Infraestructuras y Movilidad de la Xunta de Galicia, por el que se aprueba el cambio de titularidad a favor del Ayuntamiento de Ribeira de los trechos finales de las carreteras autonómicas AC-303 y AC-505, publicado en el DOG número 223 de 19/11/2021.”* A este respecto, cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, **o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos e as lesións sufridas polo Sr. Cepeda Reboiras.** Así se deduce do parte médico e das facturas que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos e as lesións producidos, por canto o reclamante conecta aqueles coa existencia dun afundimento da calzada pola que circulaba na data do accidente.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

1º).- A Policía Local do Concello de Ribeira, en informe emitido na data 04/08/2024 correspondente ó Parte de Servizo número 11472, dispón o seguinte: *“1º Que personados en el lugar observamos al identificado A con daños en las extremidades superior e inferior con unas heridas superficiales (...). Que dicha persona manifiesta “Venía circulando por la carretera cuando en el borde próximo al arcén, pierdo el control por dos socavones*



saliendo volteado hacia adelante. Al levantarme me encuentro con daños en la bicicleta y la rotura de la rueda delantera". **Que las agentes in situ observan que en la vía existen DOS SOCAVONES** seguidos donde forma una especie de bande, lo cual al circular este vehículo es posible que pierda el equilibrio al cambiar la uniformidad de la vía. **Que la bici presenta daños en el cuadro, manillar, sillín, además el casco de seguridad se encuentra dañado.** Por tanto, es parecer de los agentes lo siguiente: "Que el ciclista venía circulando de manera adecuada cuando se ve afectado por una uniformidad de la vía en forma de dos agujeros llevándose a perder el equilibrio saliéndose de la vía para posteriormente sufrir lesiones en su cuerpo y en su vehículo. Que a juicio de los agentes es posible que el accidente pueda ser ocurrido por la deformidad de la vía"

2º).- No informe na data 06/11/2025, o axente municipal informante ratifícase no parte de servizo número 11472, dispón que se observou na vía unha focha con medidas de 26 x 46 e outra coas medidas de 60 x 60, que non existía ningunha sinalización que advertise do defecto na calzada, que non se apreciou que puidera existir algunha conduta negligente por parte do accidentado e que se observaron danos no manillar, sillín e cadro, así como na vestimenta afecta ó casco, **afirmando que o feito de existir esa deformidade na vía puido ser a causa do accidente.**

3º).- A enxeñeira municipal, en informe emitido na data 16/01/2026, dispón o seguinte: "(...) El lugar de la caída sufrida por el Sr. Cepeda Reboiras es la calle Buenos Aires, en la parroquia de Corrubedo, municipio de Ribeira. Se trata de una vía que prácticamente tiene un trazado rectilíneo en su totalidad. Además, esta vía tiene un carril y arcén, más acera en ambos sentidos, lo cual nos deja una gran visibilidad a lo largo de su trazado. (...) Al no tener conocimiento del accidente por el que se reclama, el día de la caída no se ha procedido a realizar inspección al lugar. Tras el inicio del expediente administrativo, se ha procedido con fecha 10/11/2025 a la comprobación de su estado. Así, se pudo comprobar que los baches existentes están totalmente reparados y la vía está totalmente nivelada (...). No puede afirmarse con total seguridad que la causa del accidente fuese la existencia de los baches en la vía al no haber podido comprobar la entidad de estos, no siendo suficiente para emitir un juicio de hecho los datos aportados en el informe policial porque no está definida la profundidad de los baches, que sería el dato más relevante a tener en cuenta para emitir una opinión fundada."

4º).- A testemuña proposta polo reclamante á que se lle tomou declaración, manifestou que: "El día del accidente circulaban con sus bicicletas él y su hermano Carlos, iban el uno al lado del otro. En la calzada había dos badenes, al pasar por el primero la bicicleta de su hermano Carlos se desestabilizó un poco, y al pasar por el segundo badén fue cuando se cayó al suelo. Los badenes eran más bien un hundimiento del asfalto, que non eran apreciábles a una distancia prudencial, además de que no estaban señalizados. Iban a la velocidad habitual que puede circular cualquier ciclista por la zona en concreto."

Na análise xurídica que é necesario efectuar sobre a existencia, ou non, de relación de causalidade entre os danos e lesións sufridos polo reclamante e o funcionamento normal ou anormal do servizo público viario, é preciso ter en conta dúas cuestións conexas:

- a) A existencia real do afundimento do asfalto da calzada.
- b) A imputabilidade das consecuencias do accidente, isto é, a relación ou conexión directa do defecto na calzada co funcionamento do servizo público municipal.

Respecto da primeira cuestión, tanto o informe policial como o informe técnico son coincidentes en afirmar a existencia do defecto na vía, aínda que no caso do informe emitido pola enxeñeira municipal do que se deixa constancia é do arranxo dese defecto.



Non obstante, en canto ós seus termos valorativos de como sucederon os feitos, mentres que a policía local indica que o defecto da calzada puido ser a causa do accidente, a enxeñeira municipal indica que non ten datos suficientes para afirmar que o suceso aconteceu tal e como relata o reclamante, pois non podemos esquecer que as fochas xa estaban totalmente reparadas na data na que por parte do departamento de obras e mantemento de infraestruturas se procedeu á inspección do lugar.

Así as cousas, é preciso ter en conta que o accidente non contou coa presenza dos corpos de policía. O axente informante emite o seu informe despois do aviso da Sala Operativa. Este, **sen embargo, non se limita a reproducir a manifestación do accidentado de como sucederon os feitos, senón que incorpora ó seu informe un xuízo propio sobre o estado da vía e sobre as posibles causas determinantes do accidente, incorporando fotografías do lugar do sinistro e datos obxectivos e concretos das fochas da calzada ou afundimento da mesma, polo que é preciso ter en conta o informe policial no referente á determinación e proba da causa eficiente do accidente polo que se reclama.**

A proba que falta por analizar, e que podería facilitar o sentido desta proposta de resolución, é a **proba testemuñal**. A estes efectos, na instrución do expediente puido tomarse declaración á testemuña proposta, declaración da que extraemos a conclusión de que **se trata dunha testemuña presencial**, pois acompañaba ó reclamante no momento do accidente, describindo a claramente a secuencia do mesmo, o que reforza o valor probatorio dos feitos que se intentan demostrar polo reclamante.

En definitiva, tendo en conta todo o anteriormente manifestado en relación ás probas que constan no expediente, fai que se poida articular sobre as mesmas unha relación de causalidade certa e probada entre o accidente sufrido polo Sr. Cepeda Reboiras e o estado da vía pola que circulaba coa súa bicicleta, abocando a un criterio final favorable á estimación da reclamación interposta.

Con respecto ó **quantum indemnizatorio**, cómpre proceder á análise da contía solicitada polo reclamante, tendo en conta que, en relación ós danos persoais, debemos acudir á Lei 35/2015, de 22 de setembro, de reforma do sistema para a valoración dos danos e prexuízos causados ás persoas en accidentes de circulación, coa actualización que corresponde ó ano 2024, que foi o ano no que tivo lugar o accidente polo que se reclama.

Así, en canto ás **lesións físicas**, en informe do PAC de Boiro que achega o reclamante non se dispón os días empregados na curación das mesmas, probablemente pola súa levidade. Aínda así, enténdese razoable a petición do reclamante, tendo en conta ás características das feridas sufridas. Cos datos do informe médico presentado e aplicando o artigo 136 da Lei 35/2015, coa actualización das contías respecto do ano 2024, temos que:

- 5 días de prexuízo persoal básico x 37,06 euros = 185,3 euros.
- **Total por este concepto = 185,3 euros.**

En canto ós **danos materiais**, resultan acreditados tanto os danos na bicicleta, como os danos no casco de seguridade e na vestimenta. Así se pon de manifesto no parte de servizo realizado pola policía local na data do sinistro. Así mesmo, o reclamante achega a factura referida ás dúas rodas danadas, ás luvas e ó manillar, o que sería un total de 560 euros. Non achega a factura referida ó maillot, ó casco de seguridade e ó sillín. En relación a estes danos (postos de manifesto no informe policial), achégase informe pericial que valora a súa reposición nun total de 322,15 euros.



- **Total por este concepto: 882,15 euros**

Sumando as contías por todos os conceptos expostos, procede recoñecer ó reclamante unha indemnización total por un importe de **1.067,45 euros**.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 19/02/2026, e **visto** o informe do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 23/02/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a M^a del Carmen Pazos Varela, en nome e representación de D. Carlos Cepeda Reboiras, polos danos e lesións sufridos como consecuencia dunha caída na Avenida de Buenos Aires, parroquia de Corrubedo, municipio de Ribeira, na contía total de 1.067,45 euros, máis os xuros legais que correspondan.

No abono da referida contía corresponde ó Concello o pago ó reclamante de 150 euros, que é a franquicia estipulada coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas na data da caída, correspondendo á citada entidade aseguradora o abono da contía restante, isto é, a cantidade de 917,45 euros, mais os xuros que legalmente correspondan.

32.- CONCESIÓN DE PREMIOS DO FESTIVAL DE MURGAS, COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO 2026

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 18/02/2026, relativa á concesión de premios do Festival de Murgas, Comparsas e Carrozas do Entroido 2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 19/02/2026.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a concesión dos premios aos gañadores en cada unha das modalidades, así como as gratificacións, cun importe total de 3.600,00 €; así como a desafectación da cantidade de 2.400,00 €, en concepto do importe restante retido para estes premios e gratificacións:

PREMIOS: FASE CONCURSO – CATEGORÍA MURGAS ADULTAS

<u>PREMIO</u>	<u>NOME DA MURGA</u>	<u>NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE ou ENTIDADE</u>	<u>PREMIO</u>
1º	OS DE SEMPRE	Patricia Bazarra García	1.000,00 €
Premio murga local	MURGA R.e I. COFRADÍA DORNA	Asoc. Cultural R.e.I Cofradía Dorna	800,00 €
2º	MURGA ASOCIACIÓN VECIÑOS CARREIRA	Asoc. veciñal, cultural e prestadora de servizos á mocidade Carreira	600,00 €



3º	AQUELARRE VAI DE FESTA	AQUELARRE PORTUS ÉBORA	400,00 €
----	------------------------	---------------------------	----------

GRATIFICACIÓNS

<u>NOME DA MURGA, CARROZA OU COMPARSAS PARTICIPANTE</u>	<u>NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE ou Entidade</u>	<u>IMPORTE GRATIFICACIÓN</u>
COMPARSAS INFANTIL “MILITARES E ANOS 80”	Alfa Asoc. Cultural de Riveira	200 €
COMPARSAS INFANTIL “ZOOTOPÍA”	Carmen Pena García	200 €
COMPARSAS ESCOLA BAILE EL TOMASÓN	Orlando Quirino González Cruz	200 €
MURGA ASOC. HAVEIRA	Asoc. Cultural Recreativa Havana-Riveira	200 €

33.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera (O DA RUBIA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Verónica Elena Nogueira Carrera** en representación establecemento “**Bar O da Rubia**” (Ribeira), de data 23/02/2026 (Rexistro de entrada nº 4.138), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro “**Bar O da Rubia**” (Ribeira), o día 07/03/2026, en horario de 20:00 h. a 01:30 h. ou 02:00 h.

34.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – María del Mar Pego Santos (REVIRAVOLTA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **María del Mar Pego Santos** en representación establecemento “**Bar Reviravolta**” (Olveira), de data 24/02/2026 (Rexistro de entrada nº 4.260), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro “**Bar Reviravolta**” (Olveira), o día 27/02/2026, ás 20:00 h.

35.- APROBACIÓN DO INTERCAMBIO CULTURAL DA ASOCIACIÓN PAPAVENTOS E O GRUPO MUNICIPAL DE TEATRO DE RIBEIRA

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 23/02/2026, relativa ao intercambio cultural da Asociación Papaventos e o Grupo Municipal de Teatro de Ribeira, na que expón:

“*Antecedentes.*”



Recibimos invitación da Asociación Cultural Papaventos dirixida ao Grupo Municipal de Teatro de Ribeira para participar na Mostra de Teatro Amador de Vedra, Teatrosfilia, o sábado 7 de marzo de 2026 coa representación da obra "Criaturas" (correo electrónico de data 23/02/2026).

A Asociación Cultural Papaventos é a entidade organizador desta mostra.

Esta invitación celébrase en réxime de intercambio, comprometéndose esta entidade a devolver a actuación por parte do se grupo Andaravía Teatro, en Ribeira nunha data a determinar polo Concello de Ribeira en función da dispoñibilidade do grupo de teatro da asociación.

Obxectivos do Intercambio.

Ten como finalidade fomentar a colaboración entre municipios mediante o intercambio de grupos artísticos; Ofrecer visibilidade do teatro afeccionado, do esforzo e traballo desinteresado dos membros que conforman o Grupo Municipal de Teatro de Ribeira, enriquecer a axenda cultural con propostas de fóra, entre outros.

Consideramos que esta acción é beneficiosa para a promoción da cultura local e a lazos con outros municipios."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Aceptar a invitación da Asociación Cultural Papaventos dirixida á participación do Grupo Municipal de Teatro de Ribeira na Mostra de Teatro Amador de Vedra, *Teatrosfilia* coa representación da súa obra "Criaturas", o 7 de marzo de 2026 no Centro Cultural do Concello de Vedra.
- Aceptar esta actuación en réxime de intercambio cultural coa Asociación Cultural Papaventos co compromiso de que a entidade organizadora devolva a actuación co seu grupo artístico, Andaravía Teatro, en Ribeira nunha data previamente acordada por ambas partes.
- Eximir do prezo público esta actuación debido á natureza do réxime de intercambio.
- Facilitar ao Grupo Municipal de Teatro de Ribeira o desprazamento a Vedra coa contratación dun autobús a cargo deste concello.

36.- SOLICITUDE INSTALACION DE BADEIROLAS PUBLICITARIAS DA "14ª FEIRA DE OPORTUNIDADES" E DA "72ª FEIRA DE ANTIGÜIDADES" – Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada

Visto o escrito presentado por Gonzalo Louzao Dono en representación da **Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada**, de data 23/02/2026 (Rexistro de entrada nº 4.192), no que solicita autorización para colocar bandeirolas publicitarias nos accesos a Ribeira, do 02 ao 15/03/2026, para publicitar a "14ª Feira de Oportunidades" e a "72ª Feira de Antigüidades", co compromiso de retiralas o día 16/03/2026.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a colocación de bandeirolas publicitarias nos accesos a Ribeira, do 02 ao 15/03/2026, para publicitar a "14ª Feira de Oportunidades" e a "72ª Feira de Antigüidades".
- Ditas bandeirolas deberán ser retiradas o 16/03/2026
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.



37.- SOLICITUDE AXUDAS A ESCOLARIZACION (SUBSANACIÓN DE ERROS)

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 24/02/2026, relativa á subsanación de erros no expediente de concesión de axudas para material escolar, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada en data 05/02/2026, e na que expón:

"(...) na relación de persoas que teñen concedida a axuda para material escolar, cos xustificantes entregados segundo as bases de convocatoria, non figuraba a persoa que figura na proposta, tendo tamén entregados os xustificantes correspondentes en prazo, pero por erro administrativo non se inclúe na solicitude de axudas a escolarización, se non que se inclúe noutra solicitude de actividade distinta, xestionada no mesmo servizo;

DNI	DATOS ALUMNO/A	CONTIA CONCEDIDA
835	VILA CRUGEIRAS, VERÓNICA	75

Rematado o prazo de presentación da xustificación das axudas concedidas, e tendo presentado a documentación correspondente segundo o establecido nas bases da convocatoria."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar o pago da axuda para material escolar a Verónica Vila Crujeiras.

38.- ACHEGAS PARA A PROMOCIÓN DE PROXECTOS DESENVOLVIDOS NA LIÑA DE ACTIVIDADES CULTURAIS. EJERCICIO 2025

VISTA a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 24/02/2026, na que se propón os beneficiarios das subvencións destinadas á Liña de Actividades Culturais. Exercicio 2025.

VISTO o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 23/02/2026.

Vista a documentación que obra no expediente.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

I.- Aprobar a proposta de concesión de achegas aos seguintes beneficiarios da convocatoria de subvencións Liña Actividade Cultural de 2025

BENEFICIARIOS Programa	Presuposto Obxecto de subvención	Puntos obtidos	Coeficiente Financiamento	Achega concedida Máx. 50% Presuposto gasto obxecto de subvención	Importe a xustificar =Importe Subvención /Coef. financiamento
ASOCIACIÓN CULTURAL AIRES DE DORNA Fomento danza tradicional, traxes tradicionais e cultura galega en xeral. Talleres de cociña, arte floral costura, baile e música tradicional (Excluído transporte aos maiores).	4.158,40€	90,00	30,78%	1.280,00€	4.158,54€



A. CULT. R.V. FRANCISCO LORENZO MARIÑO Proxecto cultural de Aguiño 2025. XX Semana cultural, Maio Cultural, VIII Festival Son's e Ciclo Contadas de Humor.	6.495,05€	87,50	29,02%	1.554,00€	5.354,93€
SOCIEDAD INSTRUCCIÓN HIJOS DE PALMEIRA Talleres culturais (pintura, arte floral e danza). Festivais Magosto e Halloween. Actuacións teatrais.	2.000,00€	78,00	30,00%	600,00€	2.000,00€
AAVV C. P. Á MOCIDADE DE CARREIRA Eventos culturais e divulgativos. Actuación Muiñada de Amendo e Camiño a Orixo.	3.722,73€	72,50	48,35%	1.287,60€	2.663,08€
ASOC. CULT. ALBERTO ROMERO Fomento cultura e a creatividade no ámbito audiovisual. Certame 9ª edición e promoción seguinte.	4.734,34€	67,50	36,75%	1.198,80€	3.262,04€
GRUPO DE MUSICA E BAILE TAHUME Profesorado gaita e percusión tradicional. Actuacións en Ordes e Xinzo de Limia. Gastos xerais.	3.088,85€	65,00	50,00%	1.154,40€	2.308,80€
REAL E ILUSTRE COFRADÍA DA DORNA Impresión xornal anual "La Vos de Jalisia".	1.109,68€	65,00	50,00%	554,84€	1.109,68€
SOCIEDAD CÍRCULO MERCANTIL E INDUSTRIAL Carnavais, Festa Mexicana, Teatro Halloween, Pai Noel e F.Nadal	1.503,45€	63,00	50,00%	751,72€	1.503,44€
ASOCIACIÓN MUSICAL SONS DO MAR Fomento da música tradicional.	4.000,00€	62,50	50,00%	1.110,00€	2.220,00€
ASOCIACIÓN SMO. SACRAMENTO PARROQUIA SAN PEDRO DE PALMEIRA Alfombras florais, Palmeira 6 de xullo.	4.288,69€	57,50	46,63%	1.021,20€	2.190,01€
A. CULT. E MARIÑEIRA DESEMBARCO EN AREOSO Proxecto conservación patrimonio marítimo: Reparación embarcación "Lagarta".	4.000,00€	57,50	50,00%	1.021,20€	2.042,40€
ASOCIACIÓN BARBANCESA DE AXUDA E SOLIDARIEDADE Programa Ocio Inclusivo "Máis Ocio"	4.000,00€	57,50	50,00%	1.021,20€	2.042,40€
LICEO MARÍTIMO DE RIBEIRA Dinamización cultural e social da entidade á comunidade veciñal. Espazo cultural (conferencias, exposicións, torneo xogos de mesa, elaboración materiais complementarios).	1.100,00€	52,50	50,00%	550,00€	1.100,00€
ASOCIACIÓN RIBEIRA CREA Festival de música de diversas con agrupacións orixe galega Etal Equal Festival e CineClube Ribeira .	1.517,50€	50,00	50,00%	756,25€	1.512,50€
ASOCIACIÓN CULTURAL OS LIANTES Produción documental "Picado Aberto" e Producción dun videoclip dun ensaio tradicional.	1.331,00€	45,00	49,96%	665,00€	1.331,00€
ASOCIACIÓN CULTURAL ALBARIZA Organización concerto música folk en Artes.	900,00€	42,50	50,00%	450,00€	900,00€
TOTAIS				14.976,21 €	



II.- Notificar expresamente a resolución da concesión a todos os solicitantes beneficiarios.

39.- AUTORIZACIÓN DE USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 20/02/2026, así como o informe de rectificación de data 25/02/2025, relativa á autorización de uso temporal de instalacións adscritas á área de Cultura, na que expón:

“Recíbese solicitudes de María Ventura Sampedro Rego en nome da Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos a Mocidade de Carreira, sede electrónica números 2026 4034 e 4040 de data 20/02/2026, interesando dispor de instalacións municipais na parroquia de Carreira, no calendario e actividades que se transcriben:

-Casa de Cultura 7 de marzo de 2026
Xuntanza para ver a grabación en streaming e avaliación do desenvolvemento da Murga 2026
20.00 a 23.00 horas

-Centro Social-Cultural 6 de marzo de 2026
Curso de Entrenamento Físico Funcional
9.30 a 13.00 horas.

Considerando que o motivo deste uso temporal é a celebración de actos de interese social, lúdico - cultural, promovido e organizado por unha entidade que carece de ánimo de lucro.

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

Previa consulta da axenda de reservas de instalacións obxecto desta proposta, emítese INFORME Favorable de Uso Temporal da Casa da Cultura e Centro Social-Cultural na parroquia de Carreira á solicitude da asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira co obxecto de celebrar os actos anteriormente sinalados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar o Uso Temporal das seguintes instalacións á Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira:**

-Casa de Cultura Carreira 7 de marzo de 2026 de 20.00 a 23.00 horas.
Acto: Xuntanza para ver a grabación en streaming e avaliación do desenvolvemento da Murga 2026

-Centro Social-Cultural de Carreira 6 de marzo de 2026 de 9.30 a 13.00 horas.
Acto: Curso de Entrenamento Físico Funcional.

- **Notificar o acordo á antedita entidade solicitante xunto as condicións de uso que se indican:**



CONDICIÓNS DE USO

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor (SGAE), adornos e outros).
6. Respetar o aforo da instalación.
7. Queda prohibida a realización de actividades económicas que que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
8. Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.
9. Por motivos de seguridade e prevención de incendios, "non poderá cociñar con fogo" quedando prohibido empregar cociñas de gas, barbacoas ou parrillas, hornillos portátiles e similares.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha **Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.**

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

